



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior sobre planificación estratéxica, xestión e comunicación no ámbito da economía pública de Galicia.

CONVOCATORIA: Curso superior sobre planificación estratéxica, xestión e comunicación no ámbito da economía pública de Galicia

GRUPO: Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 31/03/2023 - 09:00h ao 12/04/2023 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

AMPLIADO PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O 12 DE ABRIL, ás 23:59 horas.

O obxectivo principal deste curso superior é dar a coñecer ao persoal directivo e predirectivo da Administración autonómica os principais retos e medidas en materia de planificación estratéxica da economía pública galega, esencial para garantir o desenvolvemento económico sostible e para asegurar que os recursos públicos se utilicen de maneira responsable e eficiente.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo A1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais que desempeñe postos directivos (vicesecretarías xerais, subdireccións xerais, secretarías territoriais e xefaturas territoriais), de acordo co establecido na Disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, de 4 de maio).

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, poderá acceder ás vacantes que resulten o persoal empregado público da devandita categoría que desempeñe postos de xefatura de servizo ou equivalentes.

PROGRAMA

Neste curso superior abordaranse, entre outros, os seguintes contidos:

- A mellora dos servizos públicos nun entorno económico cambiante.
- A comunicación das políticas e accións públicas.
- A comunicación das políticas públicas económicas en tempos de crise.
- A irrupción da Administración electrónica no ámbito administrativo: vantaxes e inconvenientes.
- As principais incidencias de fiscalización nos expedientes sometidos á aprobación do Consello da Xunta.
- As innovacións en materia de contratación.
- As políticas de fomento e a planificación das subvencións na Xunta de Galicia.
- O camiño cara a unha nova xestión dos recursos humanos.
- A introdución da intelixencia artificial nos procesos administrativos.
- Un novo xeito de planificar e orzamentar para o período 2023-2024.
- Os retos na xestión dos fondos Next Generation EU.
- A mellora da técnica normativa e análise das observacións emanadas dos consellos consultivos.
- O diagnóstico das conclusións sobre as fiscalizacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia.
- O modelo fiscal galego: a redución da carga fiscal como base para o impulso económico. A automatización de procesos nos procedementos tributarios.

- Os cambios operados pola Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Motivación e prestixio no servizo público: o factor humano como clave.
- O deseño da formación do persoal empregado público.
- Os retos das administracións publicas nun contexto de pos-pandemia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base segunda da convocatoria (persoas destinatarias). A orde de admisión virá determinada pola data e hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co requirido e establecido na base segunda desta convocatoria respecto das persoas destinatarias.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar no nome do curso: Curso superior sobre planificación estratéxica, xestión e comunicación no ámbito da economía pública de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 13/04/2023 a 14/12/2023

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSE ESTEVE PARDO

Jesús Oitavén Barcala

MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ GONZALEZ

Patricia Villajos Grande

JULIO GONZÁLEZ GARCÍA

MARÍA ARÁNZA PORTABALES SANTOMÉ

MANUEL ARENILLA SÁEZ

daniel álvarez lamas

ALEJANDRO HUERGO LORA

Pedro Tomás Nevado-Batalla Moreno

José María Barreiro Díaz

LUIS MIGUEL ARROYO YANES

JESUS ANGEL FUENTETAJA PASTOR

ELOY MORAN MENDEZ

EVA MARÍA SANÍN MARIÑO

CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA

LUIS MIGUEZ MACHO

ANGEL LUIS TARRIO TOBAR

INÉS CHAO VEGA

CRUZ ENJO MALLOU

M VICTORIA GONZALEZ VAZQUEZ

JUAN ANTONIO MOSQUERA PENA

CONSUELO SANCHEZ NARANJO

MIGUEL SANCHEZ MORON

JAVIER AYUSO CANALS

Carles Ramió Matas

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 13 de abril de 17:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 1 (COLMEIRO): Os días 20 e 27 de abril de 17:00 a 19:00. Os días 04 e 11 de maio de 17:00 a 19:00. O día 25 de maio de 17:01 a 19:00. Os días 01, 08, 15 e 22 de xuño de 17:00 a 19:00. Os días 07, 14, 21 e 28 de setembro de 17:00 a 19:00. Os días 05, 10, 19 e 26 de outubro de 17:00 a 19:00. Os días 02, 09, 16, 23 e 30 de novembro de 17:00 a 19:00. O día 14 de decembro de 17:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA